



**SEREI QUEN DE CREAR A MIÑA
PROPIA MÚSICA?:
MICROUNIDADES PARA A CREACIÓN
MUSICAL CO LINUX MULTI-MEDIA
STUDIO (LMMS)**

**CUESTIÓN DIDÁCTICA:
CONCRECIÓN CURRICULAR**

**NIVEL INICIAL
COÑECENDO A *INTERFACE* DO LMMS
(COÑECEMENTOS TEÓRICOS BÁSICOS)**


JORGE J. SUÁREZ NAVIA

-Xuño 2017-



ÍNDICE

- 1. PROPOSTA CURRICULAR XERAL DESTE TRABALLO**
- 2. CONCRECIÓN CURRICULAR DO NIVEL INICIAL**
- 3. RÚBRICAS PARA A AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES**



1. PROPOSTA CURRICULAR XERAL DESTE TRABALLO

Coa seguinte proposta didáctica pretendemos amosar, dun xeito directo e sinxelo, un itinerario lóxico na adquisición dos coñecementos básicos para o uso desta ferramenta dixital, o Linux Multimedia Studio. As posibles utilidades que lle poidamos dar á mesma xa logo dependerán de cada un de nós pero o que é importante agora é sinalar unha secuencia lóxica de aprendizaxe.

O que deseguida se propón é unha secuencia didáctica composta por tres grandes bloques de videotutoriais (micro-unidades) con actividades divididas segundo o nivel a acadar no manexo do Linux MultiMedia Studio: un primeiro nivel inicial e puramente teórico baseado en coñecementos básicos sobre o programa; un segundo nivel medio (máis ben habería de determinarse como intermedio) no manexo das ferramentas principais do mesmo; e un tecer nivel máis avanzado que nos permita sacarlle partido completo a todas as opcións que este *software* pon nas nosas mans .

Con todo este material trataremos de abordar, e dentro das liñas indicadas, os seguintes **obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria** que entresacamos do artigo 10 do *Decreto 86/2015* que é o decreto de currículo en secundaria e bacharelato:

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Están pensados ademais dende o **nivel educativo de 4º da ESO** e consideramos que todo o traballo que fagamos ben podería informar, en último termo e para este curso, dos seguintes **contidos e competencias a traballar xunto cos correspondentes estándares de aprendizaxe** como indicadores de avaliación:

OB XEC TIVOS	CONTIDOS	ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
Bloque 1. INTERPRETACIÓN E CEACIÓN			
b e g n	B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.	MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	CD CMCCT
		MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	CD
Bloque 2. ESCOITA			
n	▪ B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	CCL CCEC CSC
Bloque 3. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS			
b e n	▪ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. ▪ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.	MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	CSC CCEC
Bloque 4. MÚSICA E TECNOLOXÍAS			
e g n	B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e <i>software</i> musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	CSC CD
e g n	B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no	MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	CAA CD

	contexto da aula e outras mensaxes musicais.	MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	CD CCEC CMCCT
e g n	B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	CD CCEC
		MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD CCL CAA
		MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtén de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	CAA CL CD

Ademais de contidos e competencias, vemos relacionados tamén os estándares de aprendizaxe avaliábeis que estaremos a “tocar” e informar dalgún ou doutro xeito, cuestión que trataremos de ir concretando nas sucesivas páxinas segundo o bloque de recursos que esteamos a traballar.

Dentro de cada un destes bloques, aparece unha proposta didáctica para o profesorado indicando que ou como facer para achegar os coñecementos propostos e tamén unha serie de rúbricas que nos sirvan para coñecer como está sendo a adquisición dos mesmos por parte do noso alumnado así como unha serie de propostas ou ideas de como avaliar todo o que vaíamos facendo co noso alumnado.

Respecto da **avaliación de todo este proceso de aprendizaxe** que imos poñer en funcionamento, propoñémola realmente como un todo continuo na procura de información que indique como está a ser a construción do coñecemento por parte dos nosos alumnos e alumnas.

Consideramos preciso non cixirnos a unha única fonte de información senón que ofreceremos opcións para achegarnos a través de distintos axentes informantes (auto, co e heteroavaliación) e tamén en distintos momentos do proceso de aprendizaxe (inicial, procesual e final).

2. CONCRECIÓN CURRICULAR DO NIVEL INICIAL

A concreción curricular que propoñemos para o Nivel Inicial é a seguinte:

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ESTÁNDARES	COMPET. CLAVE
Bloque 1. INTERPRETACIÓN E CEACIÓN			
b e g n	B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.	MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	CD
Bloque 4. MÚSICA E TECNOLOXÍAS			
e g n	B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e <i>software</i> musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	CSC CD
e g n	B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	CD CCEC
		MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD CCL CAA
		MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	CAA CL CD

2.3. RÚBRICAS PARA A AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES

Propoñemos, para quen así o considere e precise, unha serie de rúbricas que veñan a facilitar o traballo respecto dos estándares de aprendizaxe integrados.

Hoxe en día, e logo da presenza destes nos currículos de Primaria, Secundaria e Bacharelato, parece coherente facer unha proposta que facilite conectar o traballo do noso alumnado coa información que finalmente terá que elevar o profesorado a onde corresponda.

Como empregalos e cuantificalos, como ponderar o seu peso na cualificación final xa é unha cuestión que depende de cada docente, do enfoque que lle queira dar a todo isto e doutras consideracións tidas en conta na programación do seu departamento. Por ese motivo, imos propor unha rúbrica para poder valorar cada un destes estándares.

Determinaremos catro posibles niveis de consecución que ben poderían valorarse en relación ós seguintes criterios:

NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Insuficiente. Baixo. Non acada o mínimo esixible. Por debaixo do mínimo exigible. INSUFICIENTE	Suficiente. Mínimo. Básico. Acada o mínimo esixible pero con moita marxe de mellora. SUFICIENTE - BEN	Correcto. Bo. Medio. Satisfactorio. Supera o mínimo esixible con folgura e acada un bo desempeño. BEN - NOTABLE	Excelente. Destacado. Alto. Amosa un desempeño sobresaínte. NOTABLE - SOBRESAÍNTE

Estas son as rúbricas que poderemos empregar para os estándares deste Nivel Inicial.

MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical

NIVEL DE CONSECUCIÓN			
NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Intenta traballar de forma autónoma e ser perseverante, pero cústalle demasiado avanzar sen a axuda constante de profesor e/ou compañeiros. Aмоса dificultades á hora de aceptar os seus propios erros. Non intenta atopar a solución cando se enfronta a situacións problemáticas.	Consegue traballar de forma autónoma e amosa certa perseveranza, pero ten marxe de mellora. Cústalle avanzar e adoita precisar a axuda de profesor e/ou compañeiros. Acepta os seus propios erros. Intenta atoparlle a solución a situacións problemáticas, pero non investiga as posibles solucións.	É bastante autónomo e perseverante, responsable e consecuente. Adoita aceptar ben os seus erros e aprende deles. Adoita ter interese por buscarlle a solución ás situacións problemáticas que se lle presentan e se non lla atopa pide axuda.	É moi autónomo e perseverante, responsable e consecuente. Recoñece os erros que comete e aprende moi rápido deles. Sempre trata de buscar e acostuma atopar unha solución ás situacións problemáticas que se lle presentan e se non lla atopa pide axuda.

MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual

NIVEL DE CONSECUCIÓN			
NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Nin manexa nin coñece as ferramentas do programa. Non é quen de saber que utilidades precisaría empregar para ser quen de acadar elaborar un produto final	Recoñece e sitúa a meirande parte das ferramentas básicas do programa mais non sempre sabe para que serven e onde e para que as empregaría.	Recoñece e sitúa as ferramentas básicas do programa e sabe para que serven e para que as empregaría	Recoñece todas as ferramentas do programa, sabe para que serven e onde e como as empregaría

MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical

NIVEL DE CONSECUCIÓN			
NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Non amosa interese algún por aprender o manexo deste tipo de ferramentas TIC e incluso amosa unha actitude negativa cara as mesmas	Amosa aínda pouco interese por este tipo e utilidades e polas posibilidades que ofrecen mais ese interese foi aumentando a medida que avanzou o seu proceso de aprendizaxe	Amósase bastante interesado por este tipo de utilidades e recoñece as posibilidades que permiten dentro da actividade musical	Está moi motivado na aprendizaxe deste tipo de tecnoloxías aplicadas á música e recoñece as posibilidades de uso que permiten

MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma

NIVEL DE CONSECUCIÓN			
NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Nunca trata de resolver as súas dúbidas acudindo a tutoriais ou videotutoriais, webs... Mantén unha actitude pasiva e quere que sempre lle resolvan as dúbidas facendo o traballo por el/ela. Nula autonomía.	Amosa pouca autonomía pero trata de resolver os seus problemas acudindo a distintas fontes antes de solicitar a axuda do profesor ou dalgún/unha compañeiro/a aínda que non adoita ter demasiado éxito.	Amosa bastante autonomía, manexa distintas fontes para a solución dos seus problemas e adoita atopala na meirande parte das ocasións, resolvendo bastantes veces as dos seus compañeiros.	Amosa total autonomía no manexo das distintas fontes para a solución dos problemas que se lle presentan. Atopa a solución ante as súas dificultades e tamén a atopar para as dos seus compañeiros ós que lles resolve con moita solvencia as súas dúbidas.

MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obténa de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes

NIVEL DE CONSECUCCIÓN			
NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Non amosa ningún tipo de reflexión respecto da información que lle chega sen discriminar se é ou non de utilidade e a calidade da mesma. Mantén unha actitude totalmente pasiva.	Amosa pouco sentido crítico coa información que manexa e adoita obtela sempre das mesmas fontes (Wikipedia, Youtube...). Mantén unha actitude bastante pasiva.	Amosa bastante sentido crítico coa información que manexa, adoita obtela de distintas fontes e non sempre das mesmas. Mantén unha actitude activa e adoita gardar a información empregando un formato distinto ó de orixe para dispoñer dela con facilidade.	Amosa moito sentido crítico coa información que manexa, adoita obtela de distintas fontes e non sempre das mesmas. Mantén unha actitude moi activa e adoita gardar e clasificar a información empregando un formato distinto ó de orixe para dispoñer dela con facilidade.

CUESTIÓN DIDÁCTICA:

CONCRECIÓN CURRICULAR PARA O TRABALLO CO NIVEL INICIAL DO LMMS

Jorge J. Suárez Navia

Xuño-2017